Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

que, dunha vez por todas, deixe de mentir a cidadanía lucense e diga a verdade sobre o prazo de remate desta necesaria infraestrutura.

Polo exposto, a deputada e deputado asinante formula as seguintes preguntas:

1.ª) Por que están practicamente paralizadas as obras do auditorio de Lugo?

2.ª) Como explica o sr. conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas o escaso avance das obras do auditorio de Lugo en catro meses?

3.ª) Canto persoal está destinado a obra do auditorio de Lugo?

4.ª) Como pode explicar o conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas os continuos incumprimentos da Xunta de Galicia con esta obra?

5.ª) Cando calcula que estará en funcionamento o auditorio de Lugo?

Pazo do Parlamento, 30 de xaneiro de 2012

Asdo.: Concepción Burgo López
Ismael Rego González
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**María Concepción Burgo López na data 30/01/2012 14:02:19**

**Ismael Rego González na data 30/01/2012 14:02:23**

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

## Á Mesa do Parlamento

**Carmen Cajide Hervés, Carmen Acuña do Campo, Modesto Pose Mesura e Silvia Fraga Santos,** deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

O pasado 26 de xaneiro foi aprobado no Consello da Xunta o Plan integral de apoio á muller embarazada 2012-2014, que da cumprimento ao mandato da Lei 5/2010 do 23 de xuño, polo que se establece e regula unha rede de apoio á muller embarazada.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista temos expresado, insistentemente, o noso rexeitamento ao camiño emprendido polo executivo galego, co apoio do Grupo Parlamentario Popular, que dou amparo a unha iniciativa lexislativa popular presentada por unha rede da ultradereita como a Red Madre.

Ata onde puido saber o Grupo socialista, o Plan integral de apoio á muller embarazada 2012-2014 non foi exposto ao debate das redes de mulleres nin redes feministas, etc. En todo caso, só contaría coa Red Madre, parte interesada, por ser previsible que vaia a recibir subvencións de fondos públicos no marco do Plan.

Tendo en conta a situación de crise na que se atopa a nosa comunidade e, polo tanto, a necesidade dunha xestión austera do Goberno galego e ante o camiño emprendido como unha rede paralela aos servizos públicos de atención á muller, entendemos que o Plan debe pasar pola Institución máis importante de Galicia para a súa aprobación.

Polo exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Cal é o orzamento destinado á implementación do Plan integral de apoio á muller embarazada 2012-2014?

2. Con cantas e con cales entidades se contou para a elaboración de dito plan?

3. Cales son as entidades que van a participar no desenvolvemento do mesmo?

4. Cales son as medidas concretas de apoio á muller embarazada recollidas no plan que non están contempladas actualmente na rede de servizos públicos de atención á muller?

5. Dito plan contempla medidas de prevención de embarazos non desexados? No caso de que a resposta sexa afirmativa, cales son esas medidas concretas?

6. Que porcentaxe anual prevé o Plan integral de apoio á muller embarazada 2012-2014 na redución de número de abortos?

7. Que melloras vai supoñer dito plan para a vida reprodutiva das mulleres galegas e que carencias exactamente ven suplir que xustifiquen a súa creación e posta en marcha?

Pazo do Parlamento, 31 de xaneiro de 2012

Asdo.: Carmen Cajide Hervés
Carmen Acuña do Campo
Modesto Pose Mesura
Silvia Fraga Santos
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**María del Carmen Cajide Hervés na data 31/01/2012 12:31:33**

**María del Carmen Acuña do Campo na data 31/01/2012 12:31:39**

**Modesto Pose Mesura na data 31/01/2012 12:31:43**

**Silvia Belen Fraga Santos na data 31/01/2012 12:31:47**

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2012 13:23
Nº Rexistro: 76940
Data envio: 31/01/2012 13:23:17.854





## Á Mesa do Parlamento

**Pablo Xabier López Vidal e Beatriz Sestayo Doce,** deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

Foi no ano 2008 cando se comeza o proxecto de dotar ao Concello de Esgos dunha residencia de terceira idade e centro de día. A tramitación administrativa desta iniciativa municipal continúa coa aprobación dentro do prego de condicións particulares, dun contrato de concesión de obra pública por un período de xestión de 40 anos.

O devandito contrato de concesión da obra pública "Complexo da Residencia de Terceira Idade" adxudicouse de xeito definitivo e por procedemento negociado con publicidade e en trámite urxente, o 19 de outubro de 2009 por un importe de 768.024,42 € e un canon de 200.000 €.

Durante a realización dos traballos produciuse un desgraciado accidente con resultado de morte dun traballador da empresa concesionaria.

Xa no ano 2011 e en sendas entrevistas mantidas entre o Alcalde do Concello de Esgos e o delegado territorial da Xunta de Galicia en Ourense se manifesta reiteradamente a vontade de rematar as obras de execución da residencia de terceira idade, así como a colaboración da Administración autonómica para poñer en marcha esta residencia e un centro de día que está previsto que conte con 59 prazas.

Pois ben a día de hoxe esta colaboración resulta infrutuosa pois as obras están paradas e sen solución de continuidade o que supón unha eiva importante para un concello que precisa desta infraestrutura social para prestar un servizo asistencial de calidade aos seus veciños/as.

Tendo en conta esta situación de parálise na execución deste equipamento público que tanto precisan os veciños do Concello e en xeral a nosa provincia envellecida, é polo que o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1ª).- En que estado de execución se encontra a día de hoxe a residencia de maiores e o centro de día de Esgos (Ourense)?

2ª).- Cal é a participación da Xunta de Galicia neste proxecto de construción dun equipamento social?

3ª).- Que tipo de achegas e cal e o importe das mesmas que realizou a Xunta de Galicia nesta actuación do Concello de Esgos?

4ª).- Que tipo de actuación emprendeu a Xunta de Galicia no desgraciado accidente de traballo producido durante as obras de construción deste centro residencial?

5ª).- Cando está previsto que se poidan utilizarse debidamente estas instalacións por parte da poboación que o precise e para os usos públicos programados?

6ª) Que circunstancias ou acontecementos rodean a execución desta obra para que a día de hoxe, dous anos e medio despois de ser empezadas, aínda non estean en condicións óptimas de ser utilizadas pola cidadanía?

Pazo do Parlamento, 31 de xaneiro de 2012

Asdo.: Pablo Xabier López Vidal
Beatriz Sestayo Doce
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

Grupo Parlamentario

**Pablo Xabier López Vidal na data 31/01/2012 13:21:55**

**Beatriz Sestayo Doce na data 31/01/2012 13:22:00**

Partido dos Socialistas de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2012 13:57
Nº Rexistro: 76969
Data envio: 31/01/2012 13:57:28.961

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

**Ana Belén Pontón Mondelo** e **Alfredo Suárez Canal**, deputada e deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita.**

Na cidade de Santiago de Compostela están censadas, na actualidade, máis de 4.100 persoas inmigrantes. O convenio asinado o pasado 28 de xullo de 2011, entre a Secretaría Xeral de Emigración da Xunta de Galiza e o Concello de Santiago, permitía a contratación de tres traballadoras -unha asesora xurídica con formación específica en materia de estranxeiría, unha traballadora social e unha auxiliar administrativa- na chamada Unidade de Atención a Migrantes (UAMI). En virtude do mesmo, a Xunta achegaba 50.000 euros para a provisión de persoal do centro, sendo a contribución municipal doutros 20.000 euros. Este convenio rematou o 31 de decembro de 2011 e, partir desa data, vese limitado o servizo de atención, información e asesoramento xurídico e sociolaboral ás persoas inmigrantes e retornadas, de cara a facilitar a súa integración social.

Así, esta Unidade de Atención a Migrantes tiña, entre as súas funcións, informar ás persoas inmigrantes sobre a súa situación xurídica e trámites administrativos a realizar. Neste sentido, ofrecía asesoramento na tramitación de autorizacións de residencia, traballo, visados, adquisición de nacionalidade, agrupamento familiar e outros trámites administrativos, así como sobre as posíbeis prestacións sociais, educativas ou doutro tipo ás que tivesen dereito.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2012 13:57
Nº Rexistro: 76969
Data envio: 31/01/2012 13:57:28.961

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Dende a Unidade de Atención a Migrantes tamén se facilitaba información dos programas formativos, de orientación e de inserción laboral. Ademais, dende o centro promovíase a incorporación de persoas inmigrantes e retornadas ás redes sociais e á vida comunitaria, mesmo a través de intervencións individuais e familiares.

O propio concello, cando expirou a data do convenio, afirmou que agardaba "seguir contando en 2012 coa colaboración da Secretaría Xeral de Emigración da Xunta" para restabelecer o servizo nas mesmas condicións.

Diante desta situación, o Grupo Parlamentar do BNG, formula a seguinte Pregunta para a súa resposta escrita:

1.ª) Cal é a previsión da Xunta de Galiza para retomar o convenio entre a Secretaría Xeral de Emigración e o Concello de Santiago para renovar a liña de axudas coa oficina de Emigración e Inmigración?
2.ª) En que data se ten previsto asinar o novo convenio?
3.ª) Que dotación orzamentaria se reserva para este convenio?

Santiago de Compostela, 31 de Xaneiro de 2012.

Asdo.: Ana Belén Pontón Mondelo
Alfredo Suárez Canal
Deputada e deputado do G.P. do BNG.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2012 13:57
Nº Rexistro: 76969
Data envio: 31/01/2012 13:57:28.961

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Ana Belén Pontón Mondelo na data 31/01/2012 13:56:01**

**Alfredo Suárez Canal na data 31/01/2012 13:56:05**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/02/2012 11:58
Nº Rexistro: 76997
Data envio: 01/02/2012 11:58:06.827

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Fernando Branco Parga** e **Isabel Sánchez Montenegro**, deputado e deputada do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita.**

A finais de decembro de 2011, o enchido natural da lagoa da Frouxeira (Valdoviño) provocou que a auga ocupase parte do paseo marítimo e que chegase ate as portas de varias casas, impedindo á veciñanza o seu acceso, que durante varios días estiveron pechados no Concello de Valdoviño.

Como esta situación xa se deu en anteriores anos, o Parlamento Galego aprobara por unanimidade, en maio de 2010, e a instancias do Partido Popular, unha iniciativa na que se instaba ao Goberno Galego a *"executar as accións necesarias en base ao estudio que se está a realizar que permitan a conservación e restauración do espazo natural da lagoa e da praia da Frouxeira e non autorizar novas aperturas da canle de desaugamento ata ter os resultados deste estudo"*.

Porén, a pesares do tempo transcorrido, non se coñece aínda a realización dese estudo, e agora vólvese anunciar a súa redacción para o primeiro semestre deste ano.

Neste senso, a Xunta negou nun principio a posibilidade de abrir unha canle e, como medida paliativa, decidiu bombear de achique e colocar barreiras para frear o desbordamento. E mantivo esta situación durante 42 días.

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No entanto, a finais de xaneiro a Xunta empezou os traballos para a realización dunha canle artificial, para o que empregou seis pas escavadoras que traballaron na praia, provocando a protestas sociais pola súa afectación ecolóxica.

Casualmente, o mesmo día que a Xunta ía acometer esta actuación, a lagoa comezou o baleirado de forma natural.

Por este motivo, o **Grupo Parlamentar do BNG** formula as seguintes preguntas:

1.ª) En que estudos ou informes técnicos avalou a Xunta o cambios nesta intervención na lagoa da Frouxeira?

2.ª) Existen informes técnicos sobre o impacto ambiental producido?, de ser así, que conclúen?

3.ª) Cal é o custe das actuacións desenvolvidas pola Xunta neste operativo?

4.ª) Existen proxectos de reposición na praia, no paseo e nos servizos?, de ser así, que actuacións concretas se van desenvolver e cal é o seu custe?

5.ª) De quen é a responsabilidade da non realización do estudio que ía valorar a conservación e restauración do espazo natural da lagoa e da praia da Frouxeira, aprobado por unanimidade no Parlamento Galego?, vanse asumir responsabilidades políticas?

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2012.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/02/2012 11:58
Nº Rexistro: 76997
Data envio: 01/02/2012 11:58:06.827

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Fernando Branco Parga
Isabel Sánchez Montenegro
Deputado e deputada do G.P. do BNG.

**Asinado dixitalmente por:**

**Fernando Branco Parga na data 01/02/2012 11:55:06**

**Isabel Sánchez Montenegro na data 01/02/2012 11:55:14**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/02/2012 16:56
Nº Rexistro: 77027
Data envio: 01/02/2012 16:56:05.461

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Fernando Branco Parga** e **María do Carme Adán Villamarín**, deputado e deputada do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita.**

Segundo veñen de denunciar, os/as colaboradores/as do Colexio Atios de Valdoviño levan dende o mes de setembro sen percibiren as nóminas ou compensacións.

As funcións destes traballadores/as son as de axudar no servizo de comedor do Colexio e a atención aos nenos/as en actividades extraescolares.

Por este motivo, o **Grupo Parlamentar do BNG** formula as seguintes preguntas:

1.ª) Cando ten previsto, a Consellaría de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, aboar as nóminas pendentes a estes traballadores/as?

2.ª) Cal é o motivo/s do retraso destes pagos?

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2012.

Asdo.: Fernando Branco Parga
María do Carme Adán Villamarín
Deputado e deputada do G.P. do BNG.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/02/2012 16:56
Nº Rexistro: 77027
Data envio: 01/02/2012 16:56:05.461

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Fernando Branco Parga na data 01/02/2012 16:54:02**

**Maria do Carme Adán Villamarín na data 01/02/2012 16:54:05**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/02/2012 17:52
Nº Rexistro: 77034
Data envio: 01/02/2012 17:52:09.811



## Á Mesa do Parlamento



**Silvia Fraga Santos, Xoaquín María Fernández Leiceaga e Luis Toxo Ramallo,** deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

En outubro de 2009 o Grupo Parlamentario Socialista presentou varias iniciativas neste Parlamento nas que instaba ao Goberno galego a cubrir diferentes carencias e necesidades existentes no CEIP Alfonso D. Rodríguez Castelao do concello de Ordes. En particular, sinalábamos a necesidade dunha actuación no centro que permitise eliminar as barreiras arquitectónicas que existían, pois impedían o acceso ao alumnado con problemas de mobilidade a varias aulas.

Tras as demandas presentadas polo Grupo Parlamentario Socialista a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria realizou a instalación dun "salva escaleiras" para a eliminación destas barreiras arquitectónicas.

O anterior Goberno da Xunta de Galicia deixara redactado un proxecto para a instalación dun ascensor, que era a actuación demandada pola comunidade educativa do CEIP Alfonso D. Rodríguez Castelao de Ordes.

O día 20 de setembro de 2011, dous anos despois da súa instalación, produciuse un accidente causado polo desprendemento do "salva escaleiras", resultando ferido o alumno con problemas de mobilidade que neses intres o estaba a utilizar. Tal feito, se ben, afortunadamente, non tivo consecuencias fatais no relativo a danos a persoas, causou unha lóxica preocupación e alarma na comunidade educativa ao quedar cuestionado o grao de seguridade das instalacións do centro.

Despois do desprendemento do "salva escaleiras" a dirección do centro tivo que proceder a unha reestruturación do reparto das aulas para posibilitar que os alumnos con problemas de mobilidade

Partido dos Socialistas de Galicia

puidesen asistir ás clases, pois dende o mes de setembro non teñen posibilidade de acceder á planta superior do edificio do CEIP.

O Consello Escolar do CEIP Alfonso D. Rodríguez Castelao adoptou o 29 de novembro de 2011 un acordo no que se manifestan contrarios á reposición do "salva escaleiras". Posto que o único usuario desta instalación ten un medo extremo que lle impide utilizalo, como consecuencia das secuelas psicolóxicas que lle produciu o accidente. A pesar deste acordo e de que toda a comunidade educativa se manifesta contraria á súa reposición, dende a xefatura territorial comunícaselle ao centro que nos vindeiros días se procederá á instalación do mesmo sistema que no seu día causou o accidente.

Tendo en conta que o Consello Escolar do CEIP Alfonso D. Rodríguez Castelao, a ANPA e o propio potencial usuario do "salva escaleiras" rexeitan a reposición desta instalación, a deputada e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita.

1.ª) Conta a Consellaría de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria con un informe técnico que avale a seguridade e a fiabilidade do "salva escaleiras", e que garanta que non se vai producir un accidente como o xa acontecido no caso de que este se repoña?

2.ª) Contaba a instalación inicial do "salva escaleiras" coa oportuna licencia e proxecto?

3.ª) Ten clarexado a Consellaría de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria cales foron as causas que produciron o desprendemento do "salva escaleiras" e, en consecuencia, o accidente que tivo lugar o 20 de setembro de 2011?

4.ª) En caso afirmativo, cales foron?

5.ª) Vai o Goberno galego ter en conta as demandas de toda a comunidade educativa do CEIP Alfonso D. Rodríguez Castelao de Ordes e, polo tanto, proceder á instalación dun ascensor en lugar dun "salva escaleiras"?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/02/2012 17:52
Nº Rexistro: 77034
Data envio: 01/02/2012 17:52:09.811

Grupo Parlamentario

Pazo do Parlamento, 1 de febreiro de 2012

Partido dos Socialistas de Galicia

Asdo.:Silvia Fraga Santos
Xoaquín Mª Fernández Leiceaga
Luis Toxo Ramallo
Deputada e deputados do G.P. Socialista

**Asinado dixitalmente por:**

**Silvia Belen Fraga Santos na data 01/02/2012 17:43:44**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 01/02/2012 17:43:48**

**Luis María Tojo Ramallo na data 01/02/2012 17:43:55**

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/02/2012 10:17
Nº Rexistro: 77041
Data envio: 02/02/2012 10:17:04.206

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

**Bieito Lobeira Domínguez** e **Fernando Branco Parga**, deputados do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta, para a súa resposta escrita**, relativa á persistente, reiterada e salvaxe deturpación toponímica e á exclusión da lingua galega que practica a Autoridade Portuaria de Ferrol-San Cibrao, e ás medidas que se adoptarán por este motivo.

Volveu acontecer. Máis unha vez, de xeito consciente e deliberado, a Autoridade Portuaria de Ferrol-San Cibrao reitera a súa vontade de atacar á lingua galega mesmo vulnerando a legalidade vigorante en materia lingüística. Na edición das táboas de marés correspondentes ao pasado ano 2011, excluíase a lingua galega e chegábase á deturpación da forma oficial de numerosos topónimos.

Naquela ocasión, e con motivo da Pregunta parlamentar formada polo BNG, por esta razón, a Secretaría Xeral de Política Lingüística respostaba indicando que se dirixiría ao Ministerio de Fomento para corrixir a situación descrita e garantir o cumprimento do marco legal sobre a toponimia.

Porén, é posíbel comprobar como, novamente, a Autoridade Portuaria de Ferrol-San Cibrao volve editar as táboas de marés do ano 2012 correspondentes a estes dous portos, clasificados de interese xeral do Estado, e dependentes portanto do Ministerio de Fomento (Ente Público Portos do Estado).

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/02/2012 10:17
Nº Rexistro: 77041
Data envio: 02/02/2012 10:17:04.206

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Neste documento, distribuído masivamente entre os usuarios destas instalacións portuarias, exclúese radicalmente a lingua galega, e chégase a estremos inaceptábeis de deturpación e españolización da toponimia orixinal e oficial. É posíbel constatalo ao longo de todo o documento: Cillero, Vivero, Ría de Vivero, Ría del Barquero, Puerto del Barquero, La Graña, Cabañas, El Seijo, La Cabana, La Muela, La Malata, etc.

Tamén é posíbel comprobar como na páxina web oficial da Autoridade Portuaria (mesmo na súa versión en galego) se exclúe o galego de numerosos documentos, e reitérase no incumprimento da forma oficial dos topónimos. Ocorre, por exemplo, nos casos de San Ciprián, La Malata ou Punta Atalaya, na área de concesións de dominio público portuario, onde o galego tampouco existe.

Aínda sendo certa a actual dependencia destes portos da Administración Xeral do Estado (esperemos que por pouco tempo), cumpre non esquecer:

a) A súa dependencia non exime á Autoridade Portuaria do cumprimento estrito do estabelecido no artigo 10º da Lei 3/1983, de normalización lingüística, no referido ao respecto á toponimia oficial.
b) O Real Decreto 1465/1999, de 17 de setembro, estabelece criterios de imaxe institucional, e regula a produción documental e o material impreso da administración xeral do Estado español. O seu capítulo III (utilización de linguas cooficiais) contempla, de xeito prescriptivo, a obrigatoriedade de a lingua galega figurar tanto nos impresos e documentación como nas sinalizacións e cartaces (artigos 5º e 6º). Os portos de Ferrol e San Cibrao, aínda formando parte da administración periférica do Estado na Galiza,

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

deben respectar e acatar a legalidade vigorante dende hai xa trece anos (Real Decreto 1465/1999) e vinte e nove anos (Lei de Normalización Lingüística) respectivamente.

c) O Presidente da Autoridade Portuaria, Angel del Real, e boa parte dos membros do seu Consello de Administración foron nomeados directamente polo Consello da Xunta de Galiza.

Así as cousas, esta situación é intolerábel. Ou ben a Autoridade Portuaria fai caso omiso das indicacións da Secretaria Xeral de Política Lingüística, e desobedece conscientemente o ordenamento xurídico vigorante, nun acto de aberto desacato, ou ben a Secretaría Xeral non fixo ningunha xestión diante deste problema.

Estas son as razóns que levan ao BNG a formular as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1.ª) Confirma a Secretaría Xeral de Política Lingüística que no pasado ano 2011 realizou xestións para que a Autoridade Portuaria de Ferrol-San Cibrao corrixira as súas actuacións discriminatorias coa lingua galega?

2.ª) En caso positivo, en que consistiron, en que data se realizaron, e diante de que responsábeis?

3.ª) Como avalía o resultado práctico destas xestións?

4.ª) Á vista dos feitos, ten previsto pór en marcha algunha nova actuación?

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

5.ª) En caso positivo, en que consistirá e en que prazo se fará efectiva?

6.ª) Que é o que hai que facer para que esta Autoridade Portuaria cumpra a lei e respecte o idioma propio de Galiza?

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2012.

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez
Fernando Branco Parga
Deputados do G.P. do BNG.

**Asinado dixitalmente por:**

**Bieito Lobeira Domínguez na data 02/02/2012 10:13:26**

**Fernando Branco Parga na data 02/02/2012 10:13:29**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/02/2012 10:36
Nº Rexistro: 77042
Data envio: 02/02/2012 10:36:20.277

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

# Á Mesa do Parlamento

**Fernando Branco Parga** e **Ana Luísa Bouza Santiago**, deputado e deputada do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presentan na seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita.**

Nos orzamentos da Xunta de Galiza figuran diferentes partidas en materia da sanidade para investir no Concello de Melide.

En concreto, son as seguintes:

- Construción de centros – 336.783,01 euros.
- Equipamentos (maquinaria e mobiliario) – 12.892,47 euros.
- Equipamentos centros sanitarios (plans de necesidades) – 150.324,50 euros.

En total, estas partidas supoñen un investimento total, a realizar no Concello de Melide, de 499.999,98 euros.

Por este motivo, o **Grupo Parlamentar do BNG** formula as seguintes preguntas:

1.ª) En que fase de realización están estas actuacións, que figuraban nas partidas orzamentarias?

2.ª) Existe xa un proxecto de obra?

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3.ª) Cal é o prazo estimado de inicio das obras?

4.ª) Cal é o prazo estimado para o seu remate e posta en funcionamento?

5.ª) Vai ser un centro de propiedade e xestión totalmente pública, ou preténdese algunha outra fórmula privatizadora?

Santiago de Compostela, 2 de febreiro de 2012.

Asdo.: Fernando Branco Parga
Ana Luisa Bouza Santiago
Deputado e deputada do G.P. do BNG.

**Asinado dixitalmente por:**

**Fernando Branco Parga na data 02/02/2012 10:35:11**

**Ana Luisa Bouza Santiago na data 02/02/2012 10:35:18**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/02/2012 10:40
Nº Rexistro: 77044
Data envio: 02/02/2012 10:40:25.656

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

**Fernando Branco Parga**, deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

Na Acta da Mesa para o Desenvolvemento do Plan do Carbón 2006-2012, do 16 de xullo de 2010, recóllese a priorización das propostas de actuacións a incluír no Plan de Reserva Estratéxica do Carbón 2006-2012; entre elas está o financiamento de dúas Oficinas de Recolocación, unha nas Pontes e outra en Cerceda.

Asemade, nesa Acta, o Concello das Pontes comprométese a que si en 4 meses non ten redactado o proxecto construtivo do xeriátrico, esta actuación sería substituída por outra que se puidese acometer inmediatamente.

Por este motivo, o **Grupo Parlamentar do BNG** formula as seguintes preguntas:

1.ª) Cofinanciou a Xunta de Galiza a Oficina de Recolocación das Pontes no ano 2011?, de ser así, en que contía?

2.ª) Vai cofinanciar, a Xunta de Galiza, a Oficina de Recolocación das Pontes no ano 2012?, de ser así, en que contía?

3.ª) Cofinanciou a Xunta de Galiza a Oficina de Recolocación de Cerceda no ano 2011?, de ser así, en que contía?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/02/2012 10:40
Nº Rexistro: 77044
Data envio: 02/02/2012 10:40:25.656

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

4.ª) Vai cofinanciar, a Xunta de Galiza, a Oficina de Recolocación de Cerceda no ano 2012?, de ser así, en que contía?

5.ª) Entregou o Concello das Pontes o proxecto construtivo do xeriátrico?, de non ser así, que outro proxecto ou proxectos substituíron esta actuación?

Santiago de Compostela, 2 de febreiro de 2012.

Asdo.: Fernando Branco Parga
Deputado do G.P. do BNG.

**Asinado dixitalmente por:**

**Fernando Branco Parga na data 02/02/2012 10:28:53**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/02/2012 11:42
Nº Rexistro: 77051
Data envio: 02/02/2012 11:42:58.795

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

## Á Mesa do Parlamento

**Concepción Burgo López, Mª José Caride e Abel Losada Álvarez**, deputadas de deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita.**

O Museo MARCO de Vigo vai cumprir, a finais de 2012, 10 anos de existencia nos que conseguiu unha notable consolidación, sendo nestes momentos o museo de arte contemporánea mais visitado de Galicia e un referente, tanto en Galicia como en España.

A importante labor cultural e educativa realizada polo MARCO está a sufrir un notable risco de desaparición debido á continua rebaixa dos seus presupostos, tanto pola redución das achegas dos membros da Fundación Marco, exceptuando a do Concello de Vigo a máis importante, como polos continuos incumprimentos dos pagos das achegas

Así, a Xunta de Galicia rebaixou o seu aporte de 300.000 € en 2010 a 140.000 € en 2012, e polo que sabemos aínda agora non pagou a achega de 160.000 € do ano 2011e a Deputación de Pontevedra non fixo ningunha achega nos últimos anos e soamente a finais do 2011 deu cumprimento a súa débeda.

Esta redución dos presupostos foi a causa de que a dirección do MARCO tivera que tomar medidas extraordinarias, como reducir o horario de apertura ao público e aumentar o tempo das exposicións, pero isto non parece suficiente para garantir a continuidade deste referente cultural.

Pero a situación de 2012 é aínda moito peor, por canto tanto a Deputación da Pontevedra como Novacaixagalicia anunciaron que se retiraban da Fundación Marco e nada sabemos do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, que tamén formaba parte de dita Fundación.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Partido dos Socialistas de Galicia

Todo isto sitúa o MARCO nunhas circunstancias moi difíciles para a súa supervivencia, sostido practicamente só polo Concello de Vigo, e pon en perigo a viabilidade deste importante proxecto cultural non só para Vigo, senón para toda Galicia.

Creemos que é o momento de que a Xunta de Galicia tome todas as medidas necesarias para garantir a continuidade do MARCO, dende logo cumprindo os seus compromisos pero tamén aumentando as achegas ao Museo e liderando a participación das outras Administracións e institucións que abandonaron a Fundación.

Polo exposto, as deputadas e deputado asinante formulan as seguinte preguntas:

1.ª) Como valora o conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a situación do MARCO de Vigo?

2.ª) Pagou xa á Fundación Marco as débedas que mantiña en 2011 coa Fundación Marco?

3.ª) Que valoración fai do abandono da Deputación de Pontevedra e de Novacaixagalicia da Fundación Marco?

4.ª) Que accións vai poñer en marcha para garantir a continuidade do MARCO

Pazo do Parlamento, 1 de febreiro de 2012

Asdo.: Concepción Burgo López
Mª Jose Caride Estevez
Abel Losada Álvarez
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/02/2012 11:42
Nº Rexistro: 77051
Data envio: 02/02/2012 11:42:58.795

Grupo Parlamentario

**María Concepción Burgo López na data 02/02/2012 11:40:11**

**María José Caride Estévez na data 02/02/2012 11:40:16**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 02/02/2012 11:40:21**

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/02/2012 10:18
Nº Rexistro: 77213
Data envio: 03/02/2012 10:18:06.941

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

**Á Mesa do Parlamento**

**Concepción Burgo López, Mª José Caride e Abel Losada Álvarez**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, solicitan se realice a seguinte **corrección de erros**, nos doc. núm. **77051 e 77052:**

Onde di: "....Mª José Caride e Abel Losada Álvarez...", debe dicir:"...Mª José Caride Estevez, Manuel Gallego Lomba e Abel Losada Álvarez..."

Pazo do Parlamento, 3 de febreiro de 2012

Asdo.: Concepción Burgo López
Mª Jose Caride Estevez
Manuel Gallego Lomba
Abel Losada Álvarez
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**María Concepción Burgo López na data 03/02/2012 10:15:28**

**María José Caride Estévez na data 03/02/2012 10:15:35**

**José Manuel Gallego Lomba na data 03/02/2012 10:15:47**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 03/02/2012 10:15:56**

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/02/2012 12:09
Nº Rexistro: 77057
Data envio: 02/02/2012 12:09:10.508

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

## Á Mesa do Parlamento

**Francisco Cerviño González** e **María Concepción Burgo López**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

No Pleno do Parlamento do día 14 de decembro de 2010, aprobouse por unanimidade dos 75 deputados e deputadas, unha proposición non de lei do Grupo Parlamentario Socialista, unha vez transacionado o texto, na que se insta á Xunta de Galicia a iniciar axiña os expedientes para declarar de interese cultural os recintos dos complexos do Castro de Samoedo e Sargadelos, ligados ao Laboratorio de Formas, incluíndo as coleccións e bibliotecas neles contidos.

Por iso o deputado e a deputada que asinan preguntan o Goberno galego a seguinte cuestión:

Cal é a situación do expediente para declarar Ben de Interese Cultural os recintos dos complexos do Castro de Samoedo e de Sargadelos, incluíndo as coleccións e bibliotecas neles contidas?

Pazo do Parlamento, 2 de febreiro de 2012

Asdo: Francisco Cerviño González
María Concepción Burgo López
Deputado e deputada do G.P. Socialista

**Asinado dixitalmente por:**

**Francisco Xulio Cerviño González na data 02/02/2012 12:05:32**

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/02/2012 12:09
Nº Rexistro: 77057
Data envio: 02/02/2012 12:09:10.508

Grupo Parlamentario

**María Concepción Burgo López na data 02/02/2012 12:05:40**

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/02/2012 12:09
Nº Rexistro: 77058
Data envio: 02/02/2012 12:09:33.680

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

## Á Mesa do Parlamento

**Francisco Cerviño González** e **María Concepción Burgo López**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

O día 2 de decembro de 2010, o Parlamento de Galicia, a través da súa Comisión 4ª, aprobou por unanimidade unha Proposición non de lei proposta polo Grupo Parlamentario Socialista, que insta ao Goberno galego a solicitar nun prazo de tres meses, a documentación necesaria para iniciar o expediente que declara a colección do Museo Galego de Arte Contemporáneo Carlos Maside, Ben de Interese Cultural, para comezar, o antes posible, a tramitación do expediente declarativo.

Pasado xa un ano, o deputado e a deputada que asinan preguntan ao Goberno galego a seguinte cuestión:

Cal é a situación do expediente para declarar Ben de Interese Cultural a colección do Museo Galego de Arte Contemporánea de Galicia Carlos Maside?

Pazo do Parlamento, 2 de febreiro de 2012

Asdo: Francisco Cerviño González
María Concepción Burgo López
Deputado e deputada do G.P. Socialista

**Asinado dixitalmente por:**

**Francisco Xulio Cerviño González na data 02/02/2012 12:08:03**

**María Concepción Burgo López na data 02/02/2012 12:08:12**

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/02/2012 12:22
Nº Rexistro: 77061
Data envio: 02/02/2012 12:22:58.467



Partido dos Socialistas de Galicia

## Á Mesa do Parlamento

**Carmen Acuña do Campo e Modesto Pose Mesura,** deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

O cambio no Goberno do Estado despois das ultimas eleccións xerais ten conlevado que agora ao fronte do Ministerio de Sanidade estea a Sra. Mato, importante membro do Partido Popular estatal ata agora.

Ademais a Sra. Mato conta no seu equipo coa Sra. Frajas, ata agora, conselleira de Sanidade da Xunta de Galicia.

Na ronda de encontros que a Sra. ministra mantivo cos e cas responsables de sanidade das distintas Comunidades Autónomas propiciou tamén o encontro entre a Sra. Mato e a actual conselleira galega, Sra. Mosquera.

Pero, curiosamente, desta reunión diferentes revistas médicas recollían que contra o esperado a ministra de Sanidade non garantía a Sra. Mosquera a inmediata retirada do recurso xudicial interposto contra o catálogo galego nin moito menos a xeneralización inmediata do mesmo a totalidade do territorio estatal dada a actual responsabilidade da Sra. Farjas.

Polo exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para a súa resposta escrita:

**Cal é a razón para que de forma inmediata non se teña retirado o recurso contra o catálogo galego nin tampouco se teña anunciado xa a xeneralización do mesmo a todo o Estado español por orden do Ministerio de Sanidade?**

Pazo do Parlamento, 31 de xaneiro de 2012

Asdo.: Carmen Acuña do Campo
Modesto Pose Mesura

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/02/2012 12:22
Nº Rexistro: 77061
Data envio: 02/02/2012 12:22:58.467

Grupo Parlamentario

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Partido dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**María del Carmen Acuña do Campo na data 02/02/2012 12:21:22**

**Modesto Pose Mesura na data 02/02/2012 12:21:25**

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

## Á Mesa do Parlamento

**Carmen Acuña do Campo e Modesto Pose Mesura,** deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A noticia de que o presidente da Xunta de Galicia, o Sr. Núñez Feijóo, se reuniu nun hotel da cidade cos xefes de servizo do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo en compañía do voceiro de sanidade do Partido Popular e dun edil desa formación suscitou moitas criticas e tamén gran preocupación entre os profesionais sanitarios e a propia cidadanía desa área sanitaria.

Non resulta fácil entender que motivos poden levar ao presidente da Xunta de Galicia a excluír dese encontro a propia Consellería de Sanidade, nin tampouco se entende que se convoque agora os xefes de servizo do Complexo Hospitalario Universitario cando non se ten tido en conta para nada a opinión dos profesionais nese novo rediseño e recorte no proxecto do futuro hospital vigués.

Non sería moito máis democrático e transparente que fose no Parlamento, no concello de Vigo e incluso no propio Hospital onde se dera conta e explicacións por parte do Goberno da Xunta de Galicia das modificacións sufridas polo proxecto inicial.

Polo exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para a súa resposta escrita:

**Como explica o Goberno galego esa reunión nesas condicións?**

Pazo do Parlamento, 31 de xaneiro de 2012

Asdo.: Carmen Acuña do Campo
Modesto Pose Mesura
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Grupo Parlamentario

**María del Carmen Acuña do Campo na data 02/02/2012 12:27:37**

**Modesto Pose Mesura na data 02/02/2012 12:27:39**

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Partido dos Socialistas de Galicia

## Á Mesa do Parlamento

**Juan Carlos Francisco Rivera,** deputado pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A Compañía de Radio Televisión de Galicia (CRTVG), vén de adxudicar no mes de xaneiro deste ano catro contratos en concepto de "servizos para a defensa en xuízo da Televisión de Galicia e a Radio Televisión de Galicia en distintos procesos de reclamación de cantidade" a outros tantos avogados de Pontevedra, Vigo, Santiago e Lugo.

Sen cuestionar o fondo da reclamación da CRTVG, que motivaría as demandas xudiciais –reintegro efectivo de cartos públicos o erario público-, resulta absolutamente cuestionable que un "mesmo obxecto de reclamación" sexa adxudicado a catro despachos de avogados distintos, polo so feito de que as demandas se teñan que interpoñer en distintas cidades galegas.

O importe total dos catro contratos adxudicados ascende a 209.200 euros.

Ningún dos contratos adxudicados supera o importe de 60.000 euros, importe a partir do cal, son imprescindibles requisitos de publicidade na contratación negociada.

Do mesmo xeito,  resulta incomprensible que un procedemento de reclamación de cantidade nos Xulgados non poida ser abordado a través dos propios servizos xurídicos da CRTVG e se teña que acudir a contratación externalizada de despachos de avogados.

A licitación e posterior adxudicación, a través de contratos negociados sen publicidade, a catro despachos distintos dun mesmo obxecto contractual esixe a xustificación axeitada por parte do ente adxudicatario a respecto deste fraccionamento.

Diante do anteriormente exposto, o deputado que asina formula as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

